

**CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN****AXUDA**

Referencia:

Título: Proxecto Fundación Alcoa Educación para a Sustentabilidade

CENTRO: Oficina de Medio Ambiente. VEIS

OBJECTO DO CONTRATO: Organización Actividades Educación para a Sustentabilidade (ver memoria)

Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.

LUGAR E HORARIO: Oficina de Medio Ambiente. Ed. Xoana Capdevielle. Elviña. A Coruña.

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Titulado/a Sup.Grupo 1

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador asociado ☐* Investigador en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUGTécnico de apoio á investigación ☒Axudante de apoio á investigación ☐Técnico administrativo ☐Axudante administrativo ☐

XORNADA

Tempo Completo: ☒Tempo Parcial: ☐

DURACIÓN

5 meses

DATA APROX. DE INICIO

01/02/2018

RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1.737,17 euros/mes (incluíndo o prorrateo de pagas extra)

PARTIDA ORZAMENTARIA: 0200280091 422D 6490200

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenci. ou Grao en Bioloxía, Enx. Ambiental, C. Ambientais, Ciencias da Educación

EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria

REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: oma@udc.gal

PRAZO: 10 días desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Domingo Calvo Dopico (Vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade), Manuel Soto Castiñeira (Adxunto de Sustentabilidade) e Pedro Vega Marcote(Facultade de Ciencias da Educación)

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios do Ed. Xoana Capdevielle.

A Coruña/Ferrol, 2 de novembro de 2017**O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL****Asdo.: Domingo Calvo Dopico****Documentación que debe presentar o solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG

Memoria da convocatoria de contratación con cargo a proxecto

Referencia proxecto:

Título proxecto: Proxecto UDC-Fundación Alcoa de Educación para a Sustentabilidade

Tarefa: Organización de actividades de educación para a sustentabilidade acollidas ao referido proxecto.

Contido do proxecto

O Proxecto UDC-Fundación Alcoa de Educación para a Sustentabilidade pretende ampliar o alcance das actividades de educación para a sustentabilidade na UDC, estendéndose aos contornos sociais e locais inmediatos. Para iso, o programa pretende formar e activar grupos de intervención social sobre temas como o ruído e a contaminación lumínica, o uso sostible da auga e da enerxía, a xestión e recuperación de residuos, así como o desenvolvemento das capacidades de actuación sostible dos e das futuras profesionais que saen da UDC.

O obxectivo do proxecto é capacitar ao alumno nos conceptos básicos relacionados coa sustentabilidade e desenvolver a súa capacidade para actuar sobre cuestións básicas e prioritarias para a prevención ambiental e a sustentabilidade. Consiste nun curso universitario eminentemente práctico no que os alumnos recibirán as competencias básicas relacionadas coa sustentabilidade ambiental, económica e social e realizarán actividades prácticas individualmente e en grupo que impliquen a acción social destes temas no contorno inmediato.

As actividades inclúen o cálculo da pegada ecolóxica e de auga, mapas de ruído e avaliación da contaminación lumínica do consumo de auga e enerxía e xestión de residuos no centro e na casa. Estas actividades prácticas combinarán de forma adecuada a incidencia a tres niveis: familia persoal (fogar), universidade e comunidade local.

Tarefas do contrato de investigación

A persoa seleccionada levará a cabo as seguintes tarefas que forman parte del proxecto de investigación, de acordo coas indicacións da Dirección da Oficina de Medio Ambiente:

1. Actividades e tarefas de divulgación, publicidade e inscrición dos estudantes
2. Xestión da comunicación, a través da Web UDC, Blog, Facebook e twitter OMA-UDC, Listas de correo electrónico da comunidade universitaria (estudantes, persoal docente e administrativo), distribución de folletos e carteis, organización de vídeos e ferramentas de xeorreferenciación.

3. Organización dos cursos de formación e xestión dos medios humanos e materiais implicados.
4. Asistencia ao profesorado e monitores externos no momento de realización das actividades.
5. Coordinación da participación do persoal bolseiro da OMA-UDC e dos programas Green Campus na realización de actividades relacionadas co curso no respectivo centro.
6. Revisión e elaboración de informes cos resultados gravados de prácticas de campo e actividades en grupo
7. Seguimento da incidencia da actividade sobre o uso da enerxía e consumo de auga e xestión de residuos nos centros implicados
8. Participación na avaliación global e realización dun informe final do proxecto

Criterios de valoración de candidatos/as:

- Expediente da titulación requirida (licenciatura, grado ou equivalente): até 2 puntos, de forma directamente proporcional á nota do expediente en base 4.
- Expediente dun título de mestrado relacionado coas temáticas ambientais: até 1 punto, de forma directamente proporcional á nota do expediente en base 4.
- Experiencia laboral relacionada co tema de traballo: até 2,5 puntos, á razón dun máximo de 1 punto por ano de contrato laboral.
- Outra formación relacionada co tema de traballo, en particular con actividades de tempo libre e voluntariado ambiental: até 1 punto, á razón dun máximo de 1 punto por ano de formación.
- Publicacións científicas en materias relacionadas coa temática: até 1 puntos, a razón dun máximo de 0.5 puntos por artigos en revistas do primeiro cuartil, 0,25 puntos (Q2), 0.1 puntos (Q3) e 0.05 puntos (Resto).
- Entrevista: até 2,5 puntos, sen superar unha porcentaxe superior ao 25% da puntuación total.

Os méritos alegados polos participantes haberán de acreditarse documentalmente no momento da solicitude e terse cumprido antes do remate do prazo de presentación da solicitude.

O responsable

Domingo Calvo Dopico